# TECENDO O LITORAL: ACORUNENO

A nosa proposta do borde marítimo, fíxose cun grupo pluridisciplinar de arquitectos e educadores, dende a visión dos nenos, cos cales comparten obradoiros de caracter arquitectónico. Nesta sociedade actual, téndese a infravalorar a dous sectores dos cales formaremos parte nalgún momento, a terceira idade e a infancia, a experiencia e o futuro. Nós imos tentar transmitir a cidade que pensan os nenos, o futuro de todos nós, queremos ser altafalantes das voces menos escoitadas da sociedade...e probablemente, vexamos cousas que polo menos deberíanos facer reflexionar.

Unha vez feitas as diversas análises da cidade, e anotando tódalas ideas xurdidas dos diversos faladoiros que fixemos, pasou o momento de levalo ó plano. Fíxemos unha maqueta de representación da cidade, a unha escala de 1:1000. A construción da propia maqueta, foi a mellor análise que puidemos facer da cidade, identificáronse as vías principais de comunicación, os espazos públicos máis representativos, a ubicación dos edificios máis importantes e as relacións entre eles.

Como resultados obtidos temos que resaltar a importancia que dase ó lecer e ó xogo, entedemos, que ceder espazo da cidade para esta actividade, é moi saudable para a alma da cidade, unha cidade feliz, é unha cidade que funciona, onde se progresa como persoa e cidadán. "Unha cidade con infancia é un espazo seguro" Francesco Tonucci. Todo o proxecto tece a cidade por completo non so unha pequena zona, así como, as emocionantes propostas coas que nos sorprenderon a todos.






PASARELAS Y PLATAFORMAS



XARDÍN BOTÁNICO



EDIFICIOS PÚBLICOS



CAMPOS E ZONAS VERDES





PARQUE SUCIO



ZONA DE LECER CON MIRADOIRO E MUSEO



APROVEITAMENTO DE EDIFICACIÓNS EXISTENTES

